

I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 26 de febreiro de 2010 pola que se incorpora un novo procedemento ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, un novo procedemento, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2.º e a disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e régúlase a atención ao cidadán.

DSPONÓ:**Artigo único**

1. Inclúese no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, procedementos para os que está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, e queda pois habilitado cos efectos previstos no seu artigo 5.1º o seguinte procedemento:

IN619A Axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O procedemento para a tramitación electrónica estará dispoñible no enderezo <http://www.xunta.es/servicios/>

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE, TERRITORIO
E INFRAESTRUTURAS**

Orde do 1 de marzo de 2010 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada polos traballadores de empresas auxiliares do complexo ambiental de Cerceda, que comezará o vindeiro día 8 de marzo de 2010 e se estenderá desde a dita data con carácter indefinido.

O artigo 28.º da Constitución española reconece como dereito fundamental da persoa o dereito á folga.

O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas, que presten servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionada ao mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño, polo que ditan normas para garantir a prestación dos servizos esenciais no ámbito da comunidade autónoma. O artigo 3 deste decreto faculta os conselleiros competentes por razón dos servizos esenciais afectados para que, mediante orde e ante cada situación de folga, determinen o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para a fixación do persoal preciso para a súa prestación, oído o comité de folga.

A Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia dispón, no seu artigo 10, que corresponderá á Sociedade Galega do Medio Ambiente (no sucesivo, Sogama) a xestión dos residuos sólidos urbanos a partir do momento en que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento, previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas seguintes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito controlado dos residuos. Neste sentido, engade no seu parágrafo segundo que toda a xestión de Sogama se realizará de xeito que se garanta o cumprimento de todos os obxectivos recollidos na dita lei, para o cal deberá concertar as súas accións coas dos xestores que interveñan nas fases iniciais do proceso.

A xestión dos residuos urbanos, polo que respecta a Sogama e a este conflito, iníciase coa recepción dos residuos de máis de 261 concellos, atendendo unha poboación superior a 2 millóns de persoas, o que supón unha media diaria de arredor de 2.400 toneladas de residuos que proceden de toda Galicia e que chegan ás instalacións de Sogama por medio de camións e/ou trens, neste último caso, procedentes de Ourense e Vigo.

A convocatoria de folga foi presentada polos traballadores da empresa contratista de Sogama denominada *Unión Fenosa Generación, S.A. O&M Energy, S.A. UTE* e das súas subcontratistas *Masa Galicia, S.A. e O&M Energy, S.A.*